

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOMM	<i>Expediente</i> CON/55/2014	<i>Fecha</i> 19-03-15 10:12

Número 6 .- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á adxudicación definitiva das Obras de edificación destinada a "Centro Xove de Creación Cultural da Almaciga" á empresa COPCISA, S.A.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 19 de marzo de 2015 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 6 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO URBANO E SOSTIBLE RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE EDIFICACIÓN DESTINADA A "CENTRO XOVE DE CREACIÓN CULTURAL DA ALMÁCIGA" Á EMPRESA COPCISA, S.A.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe-proposta, de data 10 de marzo de 2015, do director técnico de Desenvolvemento Urbano e Sostible, conformado coa mesma data pola Concelleira Delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible. Así mesmo, do informe con observacións nº 2015/155 de data 17.3.15, da técnico de Intervención, conformado pola Viceinterventora Municipal.

O devandito informe-proposta é do seguinte teor literal:

"EXPEDIENTE: *Obras de edificación destinada a "Centro Xove de Creación Cultural da Almaciga"*

ASUNTO: *Adxudicación do contrato a COPCISA S.A.*

ANTECEDENTES:

Primeiro: Con data 5/2/2015 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas e a do licitador COPCISA S.A.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZI0MM	<i>Expediente</i> CON/55/2014	<i>Fecha</i> 19-03-15 10:12

Segundo: O concelleiro delegado de contratación, mediante resolución de 6/2/2015 require a COPCISA S.A. para que aporte como trámite previo á adxudicación do contrato:

- Documentación xustificativa de estar ó corrente nas súas obrigas tributarias e de seguridade social
- Documentación acreditativa da súa solvencia económica e técnica
- Documentación acreditativa da súa capacidade de obrar
- Xustificación do pagamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes

Terceiro: Con data 2/3/2015 celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia e conforme ao acordado coa mesa de contratación de data 5/2/2015 procede realizar a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO: Excluir da licitación á empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL. xa que tan só presenta o sobre relativo a oferta económica

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor de **COPCISA S.A.**, por un importe de 164.925,69 euros (IVE aparte 21%: 34.634,39 euros), ó ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **020 23104 62200 (2009-3-URBAN-1)**.

Esta contratación forma parte das actuacións incluídas no Programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007-2013."

Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMGZIOMM	<i>Expediente</i> CON/55/2014	<i>Fecha</i> 19-03-15 10:12

PRIMEIRO: Excluir da licitación á empresa CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, SL. xa que tan só presenta o sobre relativo a oferta económica

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia a favor de **COPCISA S.A.**, por un importe de 164.925,69 euros (IVE aparte 21%: 34.634,39 euros), ao ser a máis vantaxosa das presentadas.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **020 23104 62200 (2009-3-URBAN-1)**.

Esta contratación forma parte das actuacións incluídas no Programa Urbana Santiago Norte, cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), dentro do Eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo do FEDER en Galicia para o período 2007-2013.

De conformidade co indicado no informe de Intervención, debe terse en conta, na tramitación e execución do contrato, o prazo de elexibilidade dos gastos do programa Urbana Santiago Norte, co obxecto de que non se poña en risco o financiamento dos mesmos.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Manuel Martínez Varela

